

CEIP RAMON OTERO PEDRAYO
A LARACHA

PEC DE EDUCACIÓN
INFANTIL

2009-10



ÍNDICE

- 1. ADECUACIÓ N DOS OBXECTIVOS DA ETAPA AO CONTEXTO SOCIOECONÓMICO E CULTURAL DO CENTRO.**
- 2.OBXECTIVOS DAS ÁREAS**
- 3. ORGANIZACIÓN DOS CONTIDOS DO 2º CICLO DA EDUCACIÓN INFANTIL**
- 4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO CICLO**
- 5. ATENCIÓN A DIVERSIDADE**
- 6. COMPETENCIAS BÁSICAS**
- 7. METODOLOXÍA**
- 8. AVALIACIÓN**
- 9. SIGNIFICADO DO PROCESO DE ADAPTACIÓN NA EDUCACIÓN INFANTIL**
- 10. RECURSOS**
- 11. CONTIDOS DE EDUCACIÓN EN VALORES**
- 12. ÁREA DE INGLÉS**
- 13. ÁREA DE RELIXIÓN**



1. ADECUACIÓ N DOS OBXECTIVOS DA ETAPA AO CONTEXTO SOCIOECONÓMICO E CULTURAL DO CENTRO.

OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA	CONTEXTUALIZACIÓN
A.- Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.	É fundamental que os nosos nenos coñezan o seu propio corpo pois é o medio que empregan para achegarse ao mundo que lle rodea. Incidiremos nas particularidades que nos definen como individuos únicos e no respecto ás particularidades dos outros nenos.
B.- Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.	Incidiremos no coñecemento da familia e das relacións existentes entre os seus membros, pois a familia é o primeiro grupo de referencia dos nosos pequenos e, no seu seo, pasan a meirande parte do tempo cando non están na escola. Tamén é preciso que coñezan o entorno social e natural que os rodea, ao que contribuímos cos diferentes actividades que organizamos, destacando, especialmente, as saídas dentro do concello.
C.- Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.	Cando os nenos entran na nosa escola amosan unha grande dependencia do adulto, a través das rutinas e outras actividades propostas, procuramos que os nenos desenvolvan certo grado de independencia e autonomía. Darémoslle unha importancia especial á adquisición de hábitos hixiénicos e de alimentación axeitados, no cal ten un papel esencial o comedor escolar.
D.- Desenvolver as súas capacidades afectivas.	Manteremos cos nosos alumnos unha relación afectiva e de confianza, na que teña cabida a expresión do afecto e do sentimento, de tal xeito que favorezamos neles o desenvolvemento dunha autoestima positiva e equilibrada e unha personalidade san.



<p>E.- Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.</p>	<p>Pouco a pouco, ensinaremoslle aos nenos a compartir os xogos e os xoguetes, así como a traballar en equipo. Falarémoslle da importancia dun saúdo e dunha despedida cordial, introduciremos por favor e grazas nas peticións que realizan, e incidiremos na necesidade de pedir perdón cando o seu comportamento poida molestar a un compañeiro, axudándolles, deste xeito, a poñerse no lugar do outro, aspecto que resúltalles moi complicado, dado o forte egocentrismo que caracteriza o seu pensamento.</p>
<p>F.- Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.</p>	<p>Empregaremos coma lingua vehicular da aprendizaxe a lingua materna maioritaria entre o alumnado, no noso caso, o galego. Introduciremos de maneira paulatina a outra lingua oficial, o castelán, e se lles iniciará nunha primeira lingua estranxeira: o inglés.</p> <p>Será esencial ofrecerlle ao neno un modelo de linguaxe claro, sinxelo e correcto, que facilite o desenvolvemento dos aspectos sintáctico, semántico, fonolóxico e pragmático da linguaxe.</p> <p>Darémolles unha especial importancia ao respecto das quendas de palabra, escoita e espera.</p>
<p>G.- Iniciarse nas habilidades lóxico – matemáticas e achegarse á lingua escrita como medio de comunicación, información e gozo.</p>	<p>Iniciaremos aos nenos na aprendizaxe da lecto –escritura, empregando diversos recursos, entre eles, os contos e os pictogramas, cos que tanto disfrutan os nosos pequenos.</p> <p>Axudarémolles a que constrúan a noción de número, para o cal será preciso que realicen diversas actividades de manipulación, exploración e experimentación. Faremos seriacións e clasificacións e, xa no último nivel, iniciáremoslos tamén nas operacións de</p>



	cálculo, empezarán a resolver sumas e restas.
H.- Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.	Consideramos fundamentais para a educación integral do pequeno a educación musical e a educación psicomotriz, desenvolveremos, pois, diferentes danzas e cancións típicas do folclore popular da zona.
I.- Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.	É moi importante favorecer o desenvolvemento da competencia dixital, queremos que os nenos aprendan a manexar o rato e coñezan os elementos fundamentais do ordenador , para que máis adiante poidan empregar as posibilidades que lles oferta este recurso.Hai que ter moi en conta que nalgúns fogares da nosa contorna aínda non contan con esta ferramenta, polo que observaremos grandes variacións no manexo deste recurso entre os nosos nenos.



2.OBXECTIVOS DAS ÁREAS

Coñecemento de si mesmo/a e autonomía persoal

1. Formarse unha imaxe axustada e positiva de si mesmo/a a través da interacción cos outros e da identificación gradual das propias características, posibilidades e limitacións, desenvolvendo sentimentos de autoestima e autonomía persoal.
2. Coñecer e representa-lo seu corpo, os seus elementos e algunhas das súas funcións, descubrindo as posibilidades de acción e de expresión, e coordinando e controlando cada vez con maior precisión xestos e movementos.
3. Identifica-los propios sentimentos, emocións, necesidades ou preferencias, e ser capaces de denominalos, expresalos e comunicárllelos ós demais, identificando e respectando, tamén, os dos outros.
4. Realizar, de xeito cada vez máis autónomo, actividades habituais e tarefas sinxelas para resolver problemas da vida cotiá, aumentando o sentimento de autoconfianza e a capacidade de iniciativa, e desenvolver estratexias para establece-las súas necesidades básicas.
5. Adecua-lo seu comportamento ás necesidades e requirimentos dos outros, desenvolvendo actitudes e hábitos de respecto, axuda e colaboración, evitando comportamentos de submisión ou dominio.
6. Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, a hixiene e o fortalecemento da saúde, apreciando e gozando das situacións cotiás de equilibrio e benestar emocional.

Coñecemento do contorno

1. Observar e explorar de forma activa o seu medio, xerando interpretacións sobre algunhas situacións e feitos significativos, e amosando interese polo seu coñecemento.
2. Relacionarse cos demais, de xeito cada vez máis equilibrado e satisfactorio, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social e axustando a súa conduta a elas.
3. Coñecer distintos grupos sociais próximos á súa experiencia, algunhas das súas características, producións culturais, valores e formas de vida, xerando actitudes de confianza, respecto e aprecio.
4. Iniciarse nas habilidades matemáticas, manipulando funcionalmente elementos e coleccións, identificando os seus atributos e calidades, e establecendo relacións de agrupamentos, clasificación, orde e cuantificación.
5. Coñecer e valora-los compoñentes básicos do medio natural e algunhas das súas reaccións, cambios e transformacións, desenvolvendo actitudes de coidado, respecto e responsabilidade na súa conservación.

Linguaxes: comunicación e representación

1. Utiliza-la lingua como instrumento de comunicación, de representación, aprendizaxe e gozo, de expresión de ideas e sentimentos, e valora-la lingua oral como un medio de relación cos demais e de regulación da convivencia.
2. Expresar emocións, sentimentos, desexos e ideas mediante a lingua oral e a través doutras linguaxes, elixindo a que mellor se axuste á intención e á situación.



3. Comprende-las intencións e mensaxes doutros nenos, nenas e adultos, adoptando unha actitude positiva cara á lingua, tanto propia como estranxeira.
4. Comprender, reproducir e recrear algúns textos literarios amosando actitudes de valoración, gozo e interese cara a eles.
5. Iniciarse nos usos sociais da lectura e da escritura explorando o seu funcionamento e valorándoas como instrumentos de comunicación, información e gozo.
6. Achegarse ó coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes e realizar actividades de representación e expresión artística mediante o emprego de diversas técnicas.
7. Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades dentro da aula, e amosar interese e gozo ó participar nestes intercambios comunicativos.



3. ORGANIZACIÓN DOS CONTIDOS DO 2º CICLO DA EDUCACIÓN INFANTIL

Coñecemento de si mesmo/a e autonomía persoal

1. corpo e a propia imaxe

- Imaxe global do corpo humano.
- O esquema corporal.
- Segmentos e elementos constitutivos do corpo.
- Necesidades básicas do corpo.
- Características diferenciais do propio corpo respecto ó dos demais.
- Os sentidos: o seu uso e función.
- Sentimentos e emocións propios e dos demais e a súa expresión corporal.
- As referencias espaciais en relación co propio corpo.
- Exploración das características globais e segmentarias do propio corpo.
- Identificación e aceptación progresiva das características propias.
- Percepción dos cambios físicos propios e dos demais, relacionándoos co paso do tempo.
- Identificación, manifestación, regulación e control das necesidades corporais básicas en situacións habituais e ocasionais.
- Utilización dos sentidos como medio de exploración do corpo e da realidade exterior.
- Identificación e percepción das sensacións que se obteñen do propio corpo.
- Regulación e control progresivo de sentimentos e emocións.
- Aceptación e valoración axustada e positiva de si mesmo/a, das posibilidades e limitacións propias.
- Valoración positiva e respecto polas diferenzas.
- Valoración positiva de si mesmo/a aceptando as propias posibilidades e limitacións.
- Actitude de aceptación das características e diferenzas entre as persoas evitando comportamentos discriminatorios.
- Actitude positiva ante as manifestacións de afecto dos demais.
- Confianza na propia capacidade para realizar actividades.

2. Xogo e movemento

- Posibilidades e limitacións motrices do corpo e dos seus segmentos.
- Movementos combinados.
- Habilidades motrices de carácter fino.
- Posturas e contrastes posturais.
- Control postural.
- Posturas axeitadas.



- Xogo simbólico e xogo regrado.
- Nocións básicas de orientación e coordinación de movementos.
- Descubrimento e desenvolvemento das posibilidades motrices do seu corpo en situacións e actividades cotiás.
- Exploración das posibilidades e limitacións perceptivas, motrices e expresivas propias e dos demais.
- Progresivo control do ton, do equilibrio e da respiración.
- Situación e desprazamentos no espazo real.
- Adaptación tónico-postural ás diversas accións, xogos e situacións.
- Esfuerzo persoal nos xogos e no exercicio físico.
- Comprensión e aceptación das regras dos xogos.
- Reprodución de posturas co corpo.
- Coordinación e control do movemento do corpo e das súas partes e adquisición de habilidades motrices novas.
- Utilización correcta de pequenos aparellos e obxectos: punzóns, tesoiras, lapis...
- Coordinación e control de habilidades manipuladoras de carácter fino.
- Confianza nas súas posibilidades motrices.
- Gusto polo xogo.
- Satisfacción polo crecente dominio corporal.
- Aceptación das regras que rexen os xogos.
- Interese e iniciativa pola adquisición de novas habilidades.
- Actitude de axuda e colaboración cos outros nenos e nenas.
- Gusto pola actividade física e a precisión de movementos.

3. A actividade e a vida cotiá

- As distintas actividades cotiás: de xogo, domésticas, de cumprimento de rutinas, de colaboración e os seus requirimentos.
- Normas de relación e convivencia nos diferentes contextos.
- Hábitos elementais de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo.
- Habilidades para a interacción e a colaboración.
- Planificación de accións secuenciadas para resolver situacións lúdicas ou cotiás.
- Adecuación do comportamento ás distintas situacións da actividade cotiá.
- Conciencia da propia competencia na resolución das diferentes tarefas da vida cotiá.
- Aceptación das propias posibilidades e limitacións na realización das actividades da vida cotiá.
- Coordinación e colaboración cos outros, ofrecendo e solicitando axuda deles nos diversos momentos de actividade.



- Percepción das pautas de comportamento e das normas básicas dos diversos contextos cos cales se relaciona.
- Colaboración no establecemento dalgunhas normas no ámbito familiar e escolar.
- Participación na resolución dos conflitos que se presentan no ámbito escolar, utilizando o diálogo como forma de resolvelos.
- Iniciativa e autonomía nas distintas actividades cotiás.
- Satisfacción pola realización de tarefas.
- Gusto polo traballo ben feito por un mesmo/a e polos demais.
- Valoración e aceptación das normas establecidas nos diferentes contextos.
- Actitude de compartir, escoitar, agardar, atender...
- Actitude positiva para establecer relacións de afecto coas persoas adultas e cos iguais.
- Actitude de colaboración e solidariedade descentrándose do propio punto de vista, tendo en conta o dos demais.

4. Coidado persoal e a saúde

- Hábitos saudables: hixiene corporal, alimentación e descanso.
- Accións que favorecen a saúde e xeran benestar propio e dos demais.
- A enfermidade: prevención.
- Seguridade persoal.
- Coidado e orde no contorno próximo.
- Limpeza das distintas partes do corpo, utilizando adecuadamente os espazos e materiais.
- Aplicación dos hábitos de hixiene corporal.
- Colaboración no mantemento da orde e da limpeza do medio onde se desenvolven as actividades cotiás.
- Colaboración nas actividades relacionadas coa alimentación ou o descanso.
- Petición e aceptación de axuda nas situacións que o requiran.
- Utilización axeitada dos útiles necesarios para comer.
- Aceptación das normas establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.
- Adopción de comportamentos de prevención e seguridade en situacións habituais.
- Coidado e precaución ante obxectos e situacións que poden resultar perigosos.
- Identificación e valoración crítica ante factores e prácticas sociais cotiás que favorecen ou non a saúde.
- Gusto e gozo co aspecto persoal pulcro e coidado.
- Aceptación das normas relacionadas cos hábitos de hixiene, alimentación, descanso e desprazamentos.
- Gusto por desenvolver actividades en ambientes limpos e ordenados.
- Actitude de tranquilidade e colaboración en situacións de enfermidade e accidentes.



Coñecemento do contorno

1. Medio físico: elementos, relacións e medida

- Obxectos presentes no medio natural e social: pedra, produtos, algunhas ferramentas...
- Obxectos de uso cotián relacionados co aseo, o vestido e a alimentación. O seu uso adecuado e convencional.
- Atributos sensoriais dos obxectos: cor, tamaño, sabor, son, plasticidade e dureza.
- Obxectos tecnolóxicos habituais que se empregan nas actividades cotiás: ordenador, reprodutores musicais, televisión, DVD, videoxogos...
- Algúns obxectos pouco frecuentes.
- Propiedades dos obxectos: cor, forma e tamaño.
- Relacións entre obxectos e coleccións.
- Cuantificadores: todo-nada, moito-pouco, máis que-menos que, ningún-varios, cheo-baleiro e igual que.
- A serie numérica: os 9 primeiros números.
- O número cardinal e o ordinal.
- Nocións básicas de medida: grande-mediano-pequeno, longo-curto, alto-baixo e pesado-lixeiro.
- Unidades de medida naturais e arbitrarias: man, pé, paso, taboíñas e algúns obxectos.
- Medidas temporais: moito tempo-pouco tempo, agora, logo, antes, despois, rápido-lento, día e semana.
- Formas planas: círculo, cadrado, triángulo e rectángulo.
- Nocións básicas de orientación e situación no espazo: enriba-debaixo, dentro-fóra, diante-detrás, preto-lonxe, cerrado-aberto, xunto-separado e esquerda-dereita.
- Exploración de obxectos: percepción, manipulación e experimentación.
- Identificación das sensacións que produce a actividade con obxectos.
- Producción de cambios e transformacións sobre os obxectos, observando os resultados.
- Clasificación e agrupación de obxectos segundo características, usos e funcións.
- Discriminación de formas, tamaños, cantidades, situacións espaciais, cores..., mediante a realización de xogos interactivos no ordenador.
- Utilización correcta dalgúns obxectos en relación co uso que teñen.
- Exploración das calidades sensoriais dos obxectos.
- Comparación e agrupación de obxectos, atendendo a atributos diversos.
- Aproximación á cuantificación de coleccións.
- Ordenación de obxectos atendendo ó grao de posesión dunha determinada calidade.
- Uso contextualizado dos primeiros números ordinais.



- Utilización do cálculo como estratexia de estimación e uso dos números cardinais referidos a cantidades manexables.
- Verbalización do criterio de pertenza ou non a unha colección.
- Utilización adecuada dos cuantificadores.
- Utilización da serie numérica para contar elementos.
- Representación gráfica dos cardinais.
- Enumeración verbal dos ordinais.
- Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen engadir, quitar e repartir.
- Identificación de formas planas e tridimensionais en elementos do medio.
- Exploración dalgúns corpos xeométricos elementais.
- Estimación intuitiva da duración de certas rutinas da vida cotiá en relación coa medida de tempo.
- Situación e localización de si mesmo/a e dos obxectos no espazo de acordo coas nocións básicas.
- Realización de desprazamentos orientados.
- Uso adecuado das nocións espaciais.
- Interese pola exploración e experimentación cos obxectos.
- Actitude de compartir xoguetes e obxectos do seu medio familiar e escolar.
- Respecto e coidado polos obxectos de uso individual e colectivo.
- Curiosidade por coñecer algúns obxectos tecnolóxicos habituais nas actividades cotiás.
- Actitude de coidado cara a algúns obxectos que poden resultar perigosos.
- Gusto pola exploración e comparación de obxectos.
- Apreciación da utilidade dos números para resolve-los problemas da vida cotiá.
- Curiosidade por descubri-la medida dos obxectos.
- Actitude de interese e observación ante a organización do espazo.
- Gozo coa actividade matemática.

2. Achegamento á natureza

- Características xerais dos seres vivos.
- Distintos tipos de seres vivos: semellanzas e diferenzas.
- Animais e plantas do medio próximo.
- Cambios que se producen nos animais e plantas no curso do seu desenvolvemento
- Animais e plantas en distintos medios.
- Utilidade e interdependencia entre animais, plantas e persoas.
- Fenómenos atmosféricos do medio natural: chuvia, vento, día, noite...
- Papel do ser humano como conservador e repoboador do medio natural e a súa acción, en ocasións, depredadora do devandito medio.



- Produtos elaborados polo ser humano a partir de materias primas procedentes de animais e plantas.
- Observación directa e sistemática dos elementos do medio natural.
- Observación das características e costumes dalgúns animais e plantas do seu medio.
- Observación e seguimento do ciclo vital dalgunha planta e dalgún animal, establecendo relacións co paso do tempo.
- Coidado de animais e plantas na aula.
- Clasificación de animais segundo as súas características: pico, plumas, pelo...
- Clasificación de animais: domésticos/salvaxes.
- Clasificación de animais segundo o medio no que viven.
- Comparación das características que presentan os seres vivos.
- Observación dos cambios producidos no desenvolvemento das plantas: crecemento...
- Formulación de conxecturas sobre as causas e consecuencias dalgúns fenómenos atmosféricos.
- Identificación das relacións entre animais e plantas e os produtos que nos proporcionan.
- Observación da relación de utilidade entre os animais, as plantas e as persoas.
- Observación das modificacións que se producen no medio natural co paso do tempo, o clima e a intervención humana.
- Contribución á conservación e mantemento de ambientes limpos, saudables e non contaminados.
- Interese por coñecer-las características e funcións dos seres vivos.
- Valoración da importancia das plantas e dos animais para a vida das persoas.
- Respeto e coidado polos elementos do medio natural.
- Curiosidade e respecto cara ós animais e as plantas do seu medio.
- Interese e gusto polas relacións cos elementos do medio natural: animais e plantas.
- Valoración dos ambientes limpos, non degradados nin contaminados.
- Gusto e gozo polas actividades realizadas en contacto coa natureza.
- Valoración da importancia da natureza para a saúde e o benestar.

3. Cultura e vida en sociedade

- A escola: como é, as súas dependencias, uso e funcións.
- Membros persoais: as súas funcións e ocupacións.
- A clase: distribución e emprego dos seus espazos, obxectos e mobiliario.
- A casa: distintos tipos de vivendas.
- A nosa casa: como é, onde está.
- Obxectos, dependencias, mobiliario: o seu uso e función.
- Tarefas cotiás do fogar.



- A familia: os seus membros, relacións de parentesco, funcións e ocupacións.
- Distintos tipos de estrutura familiar.
- Lugar que ocupa na súa familia.
- Medio do neno e da nena: a rúa, o barrio.
- Elementos que forman o medio urbano e as súas características.
- Diferentes medios: paisaxe rural e paisaxe urbana.
- Elementos naturais do medio urbano e elementos construídos polo ser humano.
- A actividade humana no medio: funcións, tarefas e oficios máis habituais.
- Servizos relacionados co consumo: produtos e establecementos.
- Distintos medios de transporte.
- Normas elementais de seguridade viaria.
- Algúns medios de comunicación: televisión, radio, prensa e teléfono.
- Lugares para divertirse e aprender: teatro, circo... As súas posibilidades.
- Tradicións, folclore e costumes da súa localidade.
- Formas sociais do tempo: días da semana, días laborais e festivos, onte, hoxe, mañá, as estacións...
- Actuación autónoma e adaptada ós diferentes grupos.
- Toma de conciencia da necesidade da existencia dos diferentes grupos sociais e valoración da súa importancia para a vida.
- Valoración das relacións afectivas que se establecen nos distintos grupos.
- Uso contextualizado das normas elementais de convivencia.
- Participación autónoma e responsable nas diferentes tarefas da vida cotiá tanto familiar como escolar.
- Incorporación progresiva de pautas adecuadas de comportamento, disposición para compartir e para resolver conflitos cotiáns mediante o diálogo.
- Observación dos medios rural e urbano, dos seus elementos, as súas funcións e a súa utilidade.
- Descubrimento dos cambios producidos no medio pola actuación humana.
- Coidado do medio e colaboración no seu mantemento e conservación.
- Recoñecemento das profesións máis habituais e próximas ó neno e á nena e a súa relación cos distintos servizos públicos.
- Observación dos diferentes establecementos de consumo.
- Coñecemento dos distintos tipos de transporte e as súas características.
- Coñecemento e respecto das normas elementais de seguridade viaria.
- Atención ós coñecementos que nos transmiten os medios de comunicación.
- Percepción das formas sociais do tempo.
- Achegamento ós costumes e folclore característicos da súa localidade.



- Recoñecemento dalgúns sinais de identidade cultural do seu medio.
- Aceptación da propia situación familiar.
- Interese por participar na vida familiar e escolar.
- Interese e disposición favorable para establecer relacións respectuosas, afectivas e recíprocas con nenos e nenas doutras culturas.
- Valoración e aceptación das normas que rexen os grupos familiar e escolar.
- Respecto pola diversidade de sexos, roles, profesións, idades...
- Respecto e coidado polos espazos en que se desenvolven e polos obxectos presentes neles.
- Interese por coñece-las características do propio medio.
- Valoración e respecto cara a tódolos traballos desempeñados polas persoas.
- Valoración dos distintos servizos que nos ofrece a sociedade.
- Interese por coñece-los distintos medios de transporte e de comunicación.
- Aceptación das normas elementais de seguridade viaria.
- Desexos de participar en actividades sociais e culturais.

Linguaxes: comunicación e representación

1. Linguaxe verbal

1.1 escoitar, falar e conversar

- A linguaxe oral como medio de comunicación e información.
- Vocabulario rico e acorde cos distintos contextos e as diferentes situacións de comunicación.
- Normas que rexen o intercambio lingüístico.
- Aquelas palabras e expresións dunha lingua estranxeira que, estando relacionadas cos contidos da unidade, se poidan introducir.
- Valoración progresiva da lingua oral para evocar e relatar feitos, para explorar coñecementos e para expresar e comunicar ideas e sentimentos e como axuda para regula-la propia conduta e a dos demais.
- Producción de mensaxes orais referidas a necesidades, emocións, desexos, intencións, propostas e opinións.
- Comprensión das intencións comunicativas dos demais nas diferentes situacións de intercambio oral.
- Uso progresivo, acorde á idade, de léxico variado e con crecente precisión.
- Pronuncia adecuada dos sons da lingua.
- Construción e utilización oral de distintos tipos de frases, empregando as variedades morfolóxicas de xénero, número, persoa, tempo...
- Participación e escoita activa en situacións habituais de comunicación, nos diálogos colectivos, libres ou dirixidos, respectando as normas que rexen os intercambios lingüísticos.



- Utilización axeitada das normas socialmente establecidas para solicitar, despedirse e saudar.
- Relatos de feitos, situacións, vivencias e contos ben ordenados temporalmente.
- Utilización de sinais extralingüísticos (entoación, xesticulación...) para reforza-lo significado das mensaxes transmitidas.
- Comprensión da idea global de textos orais en lingua estranxeira, en situacións habituais da aula e cando se fale de temas coñecidos e predicibles.
- Recoñecemento e valoración da linguaxe oral como medio de transmisión de sentimentos, ideas, intereses e desexos de coñece-los dos demais.
- Interese e iniciativa por participar nas situacións de intercambio oral.
- Respecto e aceptación das normas sociais que regulan o intercambio oral.
- Actitude de escoita cara ós demais nas súas interpretacións orais.
- Interese polo enriquecemento e mellora das súas producións lingüísticas.
- Interese por participar en interaccións orais en lingua estranxeira en rutinas e situacións habituais de comunicación.
- Actitude positiva cara á lingua estranxeira.

1.2 Aproximación á lingua escrita

- A lingua escrita como medio de comunicación, información e gozo.
- Formas escritas e formas de expresión gráfica.
- Instrumentos da lingua escrita: libros, revistas, etiquetas, carteis...
- Descubrimento da linguaxe escrita como medio de comunicación, información e divertimento.
- Produción e interpretación de códigos de simbolización gráfica.
- Diferenciación entre formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Comprensión e produción de imaxes de forma secuenciada.
- Iniciación ó coñecemento do código escrito a través de palabras e frases significativas.
- Utilización de esquemas gráficos para a transmisión de mensaxes sinxelas.
- Destreza na utilización das habilidades grafomotrices.
- Percepción de semellanzas e diferenzas sinxelas en palabras escritas.
- Identificación dalgunhas palabras e frases escritas moi significativas e usuais para o neno e a nena.
- Iniciación no uso da escrita para cumprir finalidades reais.
- Valoración e interese pola linguaxe escrita como medio de información, diversión e comunicación.
- Gusto por oír e follear contos e narracións.
- Interese e atención na escoita de narracións, explicacións, instrucións ou descricións lidas por outras persoas.



- Interese e disposición para o uso dalgunhas convencións do sistema da lingua escrita: linealidade, orientación e organización do espazo.
- Gusto por producir mensaxes con trazos cada vez máis precisos e lexibles.

1.3 Achegamento á literatura

- Textos de tradición oral: contos, cancións, poesías, adiviñas e trabalinguas.
- Textos literarios contemporáneos.
- Xogos lingüísticos.
- Comprensión e reprodución oral dalgúns textos da tradición cultural contados ou lidos polos adultos.
- Recitado dalgúns textos poéticos gozando das sensacións que o ritmo, a rima e a beleza das palabras producen.
- Participación en xogos lingüísticos.
- Dramatización de textos literarios.
- Utilización da biblioteca da aula con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo, de entretemento e divertimento.
- Interese e respecto cara ás manifestacións orais da súa tradición cultural.
- Actitude de orde e coidado no recuncho da biblioteca.
- Interese por compartirlas sensacións e emocións provocadas polas producións literarias.
- Gusto polas dramatizacións literarias.
- Interese pola lectura.

2.- Linguaxe artística: plástica –musical-corporal

- A expresión plástica como medio de comunicación e representación.
- Materiais específicos e non específicos para a expresión plástica.
- Técnicas básicas da expresión plástica: debuxo, pintura, modelaxe, colaxe...
- Útiles e instrumentos da expresión plástica.
- Gama de cores primarias, a súa mestura e os contrastes claro-escuro.
- Diversidade de obras plásticas que se producen e atopan no medio: pintura, escultura, debuxos...
- Ruído, silencio e música.
- Propiedades sonoras do propio corpo e dos obxectos.
- Calidades do son: intensidade, duración, ton e ritmo.
- Instrumentos musicais.
- Cancións, danzas e bailes.
- Posibilidades expresivas do corpo para expresar e comunicar sentimentos e emocións.
- Control do corpo: actividade, movemento, respiración, equilibrio e relaxación.
- Exploración dos materiais e útiles da linguaxe plástica.



- Experimentación e descubrimento dalgúns elementos que configuran a linguaxe plástica: liña, forma, cor, espazo...
- Expresión e comunicación de feitos, sentimentos, emocións, vivencias, fantasías..., a través do debuxo e doutras producións plásticas.
- Representación da figura humana no seu conxunto, diferenciando as distintas partes e segmentos corporais.
- Control do xesto gráfico e do instrumento nas elaboracións plásticas.
- Identificación das cores primarias e das secundarias a partir das primarias.
- Identificación do contraste claro-escuro nas cores.
- Uso da *colaxe* como medio de experimentación con diversos materiais, formas e cores.
- Realización de formas sinxelas a través da modelaxe.
- Atribución ou identificación do tema dalgunha obra plástica.
- Identificación e diferenciación entre ruído, silencio e música.
- Exploración das propiedades sonoras da voz, do corpo, dos obxectos e dalgúns instrumentos musicais.
- Discriminación dos contrastes básicos: forte-suave, longo-curto, agudo-grave e subida-baixada.
- Produción e reprodución de sons.
- Memorización e interpretación de cancións seguindo o ritmo e a melodía.
- Participación activa en bailes e danzas sinxelas.
- Utilización de instrumentos musicais de percusión acompañando as cancións e marcando un ritmo.
- Audición atenta de obras musicais presentes no medio.
- Experimentación das posibilidades expresivas do propio corpo a través de xestos e movementos.
- Expresión de sentimentos e emocións co propio corpo.
- Interpretación das mensaxes transmitidas polos outros a través do corpo.
- Automatización e realización de nocións de direccionalidade co propio corpo.
- Desprazamento polo espazo adecuando o propio movemento ó espazo e ó movemento dos outros.
- Mantemento do equilibrio en diversas situacións de actividade.
- Automatización das técnicas de relaxación global e segmentaria.
- Control da respiración nas diferentes actividades tanto de movemento como de relaxación.
- Imitación e representación espontánea de persoas, situacións e historias sinxelas, reais ou imaxinarias en xogos simbólicos, individuais e compartidos.
- Participación en actividades de dramatización, danzas, xogos simbólicos e outros xogos de expresión corporal.



- Interese pola produción artística.
- Gusto e gozo polas propias elaboracións plásticas e polas dos demais.
- Actitude de respecto cara a tódalas producións plásticas.
- Coidado e uso adecuado dos diversos materiais e útiles.
- Interese por coñece-las técnicas plásticas.
- Gusto e pracer coa música, o canto e o baile.
- Actitude de atención nas audicións musicais.
- Valoración das cancións e danzas propias do folclore de Galicia.
- Interese e iniciativa por participar nas representacións.
- Desexos de comunicarse e expresarse mediante a linguaxe corporal.
- Atención e gozo nas representacións dramáticas.
- Espontaneidade nas dramatizacións, danzas, bailes...
- Esfuerzo por transmitir sentimentos e emocións a través da expresión corporal.

3.- Linguaxe audiovisual e tecnoloxías da información e a comunicación

- Xogos e actividades interactivas.
- Algúns instrumentos tecnolóxicos: ordenador, reprodutores de imaxe e son...
- A linguaxe audiovisual.
- Iniciación no uso dalgúns instrumentos tecnolóxicos.
- Achegamento a diferentes producións audiovisuais: películas, debuxos animados, videoxogos...
- Valoración crítica do contido dalgunhas producións audiovisuais.
- Discriminación progresiva entre a realidade e a representación audiovisual.
- Uso moderado dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Reforzo de diferentes contidos traballados na clase mediante a realización de xogos interactivos no ordenador.
- Curiosidade polos instrumentos tecnolóxicos.
- Divertimento cos xogos interactivos.
- Actitude de coidado cos instrumentos tecnolóxicos



4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO CICLO

- Coñece-lo seu corpo, os elementos que o forman.
- Formar unha imaxe positiva de si mesmo/a.
- Controlar progresivamente o ton, a postura, o equilibrio, a respiración e a coordinación motriz.
- Identifica-las súas capacidades e acepta-las limitacións.
- Respecta-las características diferenciais dos demais.
- Identifica-los sentidos e establecer diferenzas entre eles en función da finalidade.
- Participar en diferentes tipos de xogos.
- Realizar diferentes desprazamentos: marcha, carreira, saltos.
- Adquirir hábitos básicos de saúde e benestar.
- Adquirir autonomía nas actividades habituais da vida cotiá.
- Progresar na coordinación e o control xeral do propio corpo.
- Adquirir maior precisión no manexo e exploración de obxectos.
- Resolver problemas sinxelos da vida cotiá.
- Acepta-las pequenas frustracións que se lle presentan.
- Solicitarlles ós seus compañeiros e ás súas compañeiras axuda sempre que o precise.
- Acepta-los puntos de vista e as achegas dos seus compañeiros e compañeiras.
- Desenvolver actitudes de axuda, colaboración e cooperación.
- Coñecer algunhas das propiedades e calidades dos obxectos.
- Adquirir habilidades lóxico-matemáticas.
- Resolver problemas matemáticos sinxelos da vida cotiá.
- Establecer relacións cuantitativas e cualitativas entre elementos e coleccións.
- Identifica-las cores primarias, secundarias e os seus contrastes.
- Comprende-lo aspecto cardinal e ordinal dos números.
- Adquirir nocións temporais e espaciais básicas.
- Coñece-las normas de comportamento da escola e da familia.
- Coñecer e respecta-las normas elementais de seguridade viaria.
- Percibi-las formas sociais do tempo.
- Orientarse autonomamente nos espazos cotiáns.
- Coñece-las formas habituais de organización da vida humana.
- Participar activamente en tódalas actividades que se desenvolven na casa e na escola.
- Aprender a valora-la importancia do medio natural.
- Desenvolver actitudes de respecto e coidado cara ó medio natural.
- Coñecer e compara-las características que presentan algúns seres vivos.



- Identifica-las relacións entre animais e plantas e os produtos que nos proporcionan.
- Realizar clasificacións de animais atendendo a diversos criterios.
- Aprecia-los cambios que se producen no medio nas diferentes estacións do ano.
- Comprende-los textos de tradición cultural: contos, refráns, trabalinguas, reas...
- Amosar interese polos textos de literatura infantil: contos clásicos, poemas, adiviñas..., lidos na clase.
- Coñecer algunhas manifestacións culturais do seu medio.
- Comprender algúns sinais de identidade doutras culturas.
- Ler, interpretar e producir imaxes.
- Expresar desexos, sentimentos, emocións, necesidades..., mediante diferentes formas de expresión e de representación.
- Expresarse e comunicarse utilizando medios e técnicas propios da linguaxe audiovisual e das novas tecnoloxías da información e da comunicación.
- Utilizar algunhas das normas que rexen os intercambios lingüísticos.
- Adecua-la linguaxe verbal ás diferentes situacións de comunicación.
- Amosar interese por textos escritos.
- Participar nas situacións de lectura e de escritura que se producen na aula.
- Comprende-la idea global de textos moi sinxelos en lingua estranxeira.
- Participar en interaccións orais en lingua estranxeira.
- Percibir semellanzas e diferenzas sinxelas en palabras escritas.
- Utilizar adecuadamente o vocabulario.
- Participar nos diálogos que se establezan na clase.
- Relatar feitos, secuencias, vivencias e contos ben ordenados temporalmente.
- Memorizar algúns textos: poesías, adiviñas...
- Comprende-las mensaxes que lle comunican os seus compañeiros e compañeiras e os adultos.
- Interesarse pola linguaxe escrita.
- Apreciar e respecta-las producións plásticas dos seus compañeiros e compañeiras.
- Coñece-las diversas técnicas e materiais da expresión plástica.
- Controla-lo xesto gráfico e o instrumento nas elaboracións plásticas.
- Utilizar adecuadamente algúns instrumentos tecnolóxicos.
- Participar nos bailes, danzas, dramatizacións..., que se realicen na clase.
- Discrimina-los contrastes básicos do son.
- Interpretar cancións seguindo o ritmo e a melodía.
- Discriminar algúns instrumentos musicais.
- Coñece-las posibilidades expresivas do seu corpo.



- Desprazarse polo espazo de diferentes formas, adecuando o seu movemento ó dos outros.
- Mante-lo equilibrio en diferentes situacións.
- Controla-la respiración durante a relaxación.



5. ATENCIÓN A DIVERSIDADE

A diversidade do neno/a de Educación Infantil enténdese como aquelas características excepcionais que presenta nesta etapa e que o diferencian dos demais.

Estas características poden requirir unha atención específica ou simplemente unha programación de apoio que permita acadar en estes nenos/as os mesmos obxectivos que o resto dos seus compañeiros/as.

A diversidade é un aspecto presente no ámbito educativo dende os primeiros anos, e pode ser necesario facer modificacións nos elementos do proceso de ensinanza aprendizaxe tales como a distribución do espazo e o tempo, o uso de materiais, a colaboración coas familias, as metodoloxías que se seguen na aula, etc.

A integración do neno/a de Educación Infantil pódese facer dende varios ámbitos de acción;

- Integración física: supón favorecer a participación e comunicación do neno/a co entorno no que se desenvolve.
- Integración funcional: conséguese favorecendo que o neno/a con necesidades educativas específicas leve a cabo as mesmas actividades e tarefas que o resto dos nenos/as
- Integración social: acadando relacións positivas co resto de compañeiros/as grazas a intervención do mestre/a, que intentará presentar situacións na aula que lle axuden a relacionarse cos demais.

Neste proceso de inclusión será importante a colaboración dos pais.



6. COMPETENCIAS BÁSICAS

As **competencias básicas** defínense como unha combinación de coñecementos, capacidades e actitudes adecuados ao contexto.

A estrutura é a seguinte:

Competencias instrumentais

- Comunicación lingüística.
- Competencia matemática.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Aprender a aprender.

Competencias experienciais

- Coñecemento e interacción co mundo físico.
- Autonomía e iniciativa persoal.

Competencias relacionais

- Competencia social e cidadá.
- Competencia cultural e artística.

COMPETENCIAS INSTRUMENTAIS

COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

Desde o traballo coa linguaxe verbal, apoiado noutras linguaxes, trataranse todas as habilidades lingüísticas, con especial atención á comprensión e expresión oral e á comprensión escrita. Con iso favorecemos o desenvolvemento lóxico e as capacidades de relación cos outros.

A denominación e a descrición de obxectos, de elementos da natureza, de enclaves e situacións, de referentes artísticos e culturais; a narración de vivencias persoais, familiares e sociais; a expresión verbal, plástica, musical e corporal destes coñecementos e os sentimentos que despregan resultan vitais para cooperar na potenciación da linguaxe.

Pódense empregar multitude de recursos lingüísticos: poemas, pareados, contos clásicos e de autoría, iconas, sertas e xogos.

COMPETENCIA MATEMÁTICA

Verase favorecida a partir da manipulación de obxectos, da identificación dos seus atributos e calidades, do establecemento de relacións de clasificación e orde, do emprego de cuantificadores básicos (cantidade, tamaño, espazo, tempo). A representación do espazo e o recoñecemento e o emprego de contidos vinculados á



xeometría (linguaxe plástica) e ao ritmo (música) tamén dispoñen un traballo de recoñecido interese para promover a evolución dos alumnos nesta competencia.

TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL

O ordenador e o resto dos medios audiovisuais son ferramentas atractivas para a nena e o neno que espertan o seu interese por xogar e aprender, son recursos para acceder á información, así como unha vía para expresar o que se sabe e sente en diferentes linguaxes e soportes.

A autonomía persoal manifestarase no uso de mecanismos de acceso, como acender e apagar o ordenador, usar o rato, entender as iconas e manexar programas sinxelos de debuxo para expresarse.

Na clase non temos acceso a internet polo que non podemos buscar información, tampouco temos impresora e iso limita que o neno realiza no ordenador poida ser amosado posteriormente, cousa que gusta moito nestas etapas.

APRENDER A APRENDER

Estreitamente vinculada a algunhas das anteriores, esta competencia vese impulsada grazas ás experiencias de manipulación de obxectos, de experimentación con técnicas e materiais, de verbalización e representación. O desenvolvemento da capacidade de observación presenta a conveniencia de establecer pautas de análise, co obxecto de que o exercicio de observar, analizar e expresar proporcione información relevante e suficiente.

COMPETENCIAS EXPERIENCIAIS

COÑECEMENTO E INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO

Esta competencia verase potenciada a través das aprendizaxes centradas na forma de relacionarse os alumnos co mundo que os rodea. En situacións de xogo e a través da observación e a manipulación de obxectos, da interacción coas persoas, da exploración do espazo e do tempo; con accións que fagan posible o coñecemento e a valoración dos compoñentes básicos do medio natural e algunhas das súas transformacións. Todo iso será medio para conseguir o aprecio e a valoración do que rodea ao neno, desenvolvendo actitudes de coidado, respecto e responsabilidade na súa conservación.

AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL

As situacións de observación e expresión artística, de experimentación e de verbalización, favorecen o coñecemento dun mesmo, dos propios intereses, emocións e



sentimientos; permiten a exploración e indagación dos mecanismos apropiados para buscar solucións, adquirir coñecementos e elaborar plans. O proceso que leva ao neno desde a exploración inicial ata o produto final require unha planificación previa e demanda un esforzo por acadar resultados orixinais, non estereotipados.

COMPETENCIAS RELACIONAIS

COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ

Abordarase a través das relacións próximas: a familia, os amigos, os compañeiros, o coñecemento das emocións e os sentimentos en relación cos demais, as actitudes de diálogo, de resolución de conflitos e a reflexión sobre eles. O traballo despregado en habilidades e destrezas nesta competencia permitirá aos nenos relacionarse cos demais de forma cada vez máis equilibrada e satisfactoria, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social e axustando a súa conduta a elas.

Poderosos estímulos para educar nesta competencia serán as experiencias contextualizadas

COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA

Esixe o achegamento e estudo das manifestacións culturais: festas, costumes, vivenda, vestido, gastronomía, pautas de vida e a valoración da súa diversidade.



7. METODOLOXÍA

Prodúcese unha aprendizaxe cando o neno ou a nena establece relacións significativas entre a súa experiencia previa e a nova información que se lle presenta, de forma que se produza unha modificación dos esquemas de coñecementos preexistentes e estes evolucionen cara a estruturas cada vez máis elaboradas e complexas. Isto implica unha metodoloxía baseada no **principio de aprendizaxe significativa** que parte dos coñecementos previos dos nenos e das nenas, que conecte cos seus intereses e coas súas necesidades e que lles propoña actividades atractivas dabondo para que aprecien de maneira sinxela e clara a finalidade e a utilidade dos novos contidos que van desenvolvendo. Daquela, aplicar unha metodoloxía baseada neste principio didáctico existe ter en conta —ademais do xa mencionado— os seguintes requisitos:

- Detecta-los coñecementos previos do alumnado para poder realiza-la intervención axeitada.
- Presentar situacións que non estean moi afastadas nin excesivamente próximas ás súas experiencias para provoca-lo conflito cognitivo que actuará de resorte para que os nenos e as nenas propoñan solucións para cada situación.
- Organiza-los contidos da Educación Infantil tendo en conta que é o neno ou a nena quen ten que asimilalos. O establecemento de contidos que actúen como organizadores previos, a planificación de eixes temáticos, centros de interese ou fíos condutores e o repaso regular e periódico dos contidos abordados con anterioridade contribúen a que os nenos e as nenas sintan confianza e seguridade ante as situacións que se lles presenten.

O noso traballo basease, fundamentalmente, no **principio de globalización**. Trátase, pois, dun proceso global de achegamento á realidade que se quere coñecer.

Deste xeito, os contidos organízanse en unidades didácticas significativas para o neno e a nena, que, partindo dos seus propios intereses, vinculan debida e ordenadamente os elementos informativos novos cos que xa teñen.

A actividade é a principal fonte de aprendizaxe e desenvolvemento dos nenos e das nenas. Cómpre tanto para o seu desenvolvemento físico e psicomotor, coma para a construción do coñecemento.

Por isto, a **ensinanza ten que ser activa**, e debe darlle tempo e ocasión a que o neno e a nena participen e sexan protagonistas da súa propia aprendizaxe. Hai que utilizar estratexias que os estimulen a ser creativos e que alenten o desenvolvemento da imaxinación e da capacidade de observación.

Así mesmo, cómpre potencia-lo xogo autónomo, tanto o individual coma o realizado en equipo, pola seguridade afectiva e emocional, pola integración dos nenos e das nenas entre si e cos adultos. Non hai que esquecer **que a interacción con outros nenos e con outras nenas** constitúe un importante recurso metodolóxico que os axuda no seu proceso social, afectivo e intelectual. Neste sentido, a escola debe ofrecer espazos e materiais que axuden a crear un ambiente de xogo estimulante e que teña en conta as necesidades do alumnado.



Un principio metodolóxico moi ligado á actividade é a **motivación**. Propóñense varios tipos de estímulos para lograr que nenos e nenas estean motivados:

- Observación, manipulación e exploración.
- Situacións apropiadas de comunicación verbal, plástica e psicomotriz.
- Estímulos afectivos con gabanzas e premios, que son fundamentais pola satisfacción que reportan.

Atende tamén ó **principio de socialización**.

Hai que valorar constantemente a participación, o compañeirismo, a axuda e o respecto cara ós demais..., de tal forma que o neno e a nena se sintan inclinados a repetir eses comportamentos que lles proporcionan gratificacións afectivas e a supera-lo egocentrismo propio desta idade; así desenvolverán a súa capacidade de relación, a súa autonomía e a súa independencia.

A **participación da familia** na escola é fundamental xa que a aprendizaxe dos nenos e das nenas de 3 a 6 anos está moi centrada nas súas vivencias, nas rutinas da vida cotiá. A existencia de relacións fluídas entre a familia e a escola vai permitir que se teñan **criterios comúns e pautas homoxéneas** de actuación que favorecerán o proceso de aprendizaxe e o desenvolvemento harmónico da personalidade dos nenos e das nenas.

A **organización do tempo** en Educación Infantil debe respecta-las necesidades dos nenos e das nenas; ademais combina tempos de actividade con períodos de descanso e actividades individuais con relacións en grupo.

É precisa unha adecuada planificación da xornada escolar. Non se debe confundi-lo ambiente distendido e lúdico deste nivel e traballar sobre temas que xurdan espontaneamente coa desorde. Nesta planificación haberá que manter unhas constantes temporais ou rutinas como o saúdo á entrada, o tempo do almorzo, a posta en común, a realización de actividades en grupo e individuais, a despedida..., que lles servirán ós nenos e ás nenas para interioriza-la noción do tempo.

En canto á **organización do espazo**, é fundamental que nenos e nenas o perciban como algo seu. Hanse adaptar ás súas necesidades e preverase que dispoñan de lugares propios e de uso común para compartiren, para estaren sos ou para se relacionaren cos demais, espazos para realizaren un determinado tipo de actividades, etc. Tamén se favorecerá a integración entre iguais e cos adultos, a manipulación de obxectos, a observación... Así, haberá que habilitar determinados espazos para isto: fixaranse áreas ou recunchos para o xogo, para os disfraces, para as actividades plásticas, para as construcións...

En definitiva, a metodoloxía de traballo neste ciclo da Educación Infantil basearase nas experiencias, nas actividades e no xogo e aplicaranse nun ambiente de afecto e confianza, para potencia-la autoestima e a integración social dos nenos e das nenas.



8. AVALIACIÓN

Segundo a orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, a avaliación nesta etapa educativa será global, continua e formativa. Os criterios de avaliación utilizaranse como referente para a identificación das posibilidades e dificultades de cada alumno/a e para observar o seu proceso de desenvolvemento e as aprendizaxes adquiridas. A valoración do proceso de aprendizaxe exprésase en termos cualitativos, recollendo os progresos efectuados polos nenos/as e, se é o caso, as medidas de reforzo e adaptación levadas a cabo.

A observación directa e sistemática, a análise das producións dos nenos/as e as entrevistas coas familias ou titores legais constituirán as principais técnicas e fontes de información do proceso de avaliación.

As consideracións derivadas do proceso de avaliación serán comunicadas trimestralmente ás familias ou titores legais, esta información realizarase mediante a entrega dunha copia do documento de avaliación cuberto no XADE. Cada curso académico os titores e titoras de cada nivel decidirán os ítems de avaliación que se recollerán neste documento.

O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.

Realizaranse catro sesións de avaliación, unha inicial e tres máis ao longo do curso que coincidirán coa finalización de cada trimestre.

Tipos de avaliación

- **Avaliación inicial:** realizarase cando o alumnado se incorpore ao segundo ciclo de E.I. e cando un alumno/a se traslade ao noso centro dende outro. Esta avaliación recollerá os datos máis destacados do seu proceso de desenvolvemento, tendo en conta a información aportada pola familia na entrevista inicial, e se é o caso, os informes médicos, psicolóxicos, pedagóxicos e sociais que revistan interese para a vida escolar. E de ser o caso, os informes de escolarización anteriores.
- **Avaliación continua:** realizarase ao longo de todo o proceso educativo.
- **Avaliación final:** realizarase ao remate de cada curso elaborando un informe anual de avaliación individualizado, no cal se reflectirán os datos máis relevantes do proceso de avaliación continua.

Á finalización do ciclo recollerase nun informe o progreso global de cada neno/a. Nesta valoración considerarase o avance na consecución dos obxectivos correspondentes do ciclo e no grao de iniciación nas competencias básicas. Así mesmo, faranse constar os aspectos máis salientables do seu progreso educativo e, se é o caso, as medidas de reforzo e adaptación que se adoptasen. O informe final anual correspondente ao último curso do ciclo será substituído por este informe final de ciclo.



Documentos de avaliación

Cada alumno/a terá aberto un expediente persoal no que se consignarán:

- Informe persoal.
- Informe de avaliación inicial.
- Informe anual de avaliación individualizado.
- Informe individualizado de final de ciclo.

Criterios de promoción.

Poderá permanecer no segundo ciclo de educación infantil o alumnado con necesidades educativas especiais ao cal se lle autorízase a permanencia dun ano máis no citado ciclo.

A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais poderá, con carácter excepcional, flexibilizarse de modo que poida anticiparse un curso o inicio da escolarización na etapa de educación primaria.



9. SIGNIFICADO DO PROCESO DE ADAPTACIÓN NA EDUCACIÓN INFANTIL

O período de adaptación debe ser considerado como un proceso biunívoco, caracterizado pola reciprocidade, onde o contexto mesmo se modifica para acoller, para saír ao encontro; e no que van participar familias e profesorado man con man.

O período de adaptación é o intervalo temporal que nenas e nenos precisan para asimilar os cambios producidos na súa vida, contorno e ambiente ao incorporárense ao centro escolar -é dicir, ao pasar dun ambiente que coñecen e dominan a outro descoñecido, en moitos casos, vai supoñer tamén a primeira separación das figuras de apego.

A verdadeira aprendizaxe do período de adaptación é encontrarse e separarse; é compartir experiencias fóra da propia casa con outras persoas (criaturas e adultas) distintas, nun marco institucional organizado e seguro e resolvendo situacións de aprendizaxe novas.

A adaptación, polo tanto, constitúe un proceso complexo no cal se desenvolven unha serie de relacións intersubxectivas entre as familias, o persoal docente, as nenas e os nenos, e por medio da cal se construírán vínculos entre elas e eles. Esta experiencia converterase ademais na matriz das relacións sociais que as criaturas vivirán ao longo do seu paso polo sistema educativo.

Este período non ten unha duración fixa para todas e todos, xa que é algo que a propia nena e o propio neno ten que elaborar. Por iso é importante respectar os ritmos individuais e non tentar forzar nin acelerar o proceso, nin establecer comparanzas, entendendo a cada criatura como unha persoa única e diferente. Así mesmo, cabe ter en conta que no calendario escolar veñen marcadas as datas nas cales se pode flexibilizar o horario para a organización do período de adaptación no centro.

O profesorado terá a responsabilidade de programar e organizar, conxuntamente coas familias, a incorporación á escola e os primeiros días de clase, cunha planificación coidada, especial e de atención particular, recoñecendo que a forma de resolver estas primeiras experiencias sociais e educativas terá unha grande influencia na historia escolar dos nenos e das nenas.

Que supón a superación do proceso de adaptación?

- Autoafirmación
- Crecemento das posibilidades persoais
- Ampliación do mundo relacional
- Novas aprendizaxes
- Descubrimento da escola como lugar agradable

Cales son os obxectivos do proceso de adaptación?

- Facilitar o tránsito dun espazo familiar ou dunha organización escolar cunhas relacións coñecidas a outro espazo escolar con novos tipos de relación.
- Conseguir que a adaptación do alumnado ás escolas sexa a idónea para o seu correcto desenvolvemento.



- Diminuír a tensión, o medo, a angustia e a ansiedade creados polo cambio de situación, centrándonos no axuste a un medio físico, a unha organización temporal diferente e a un mundo relacional distinto.
- Compartir información relevante entre as familias, o profesorado e o alumnado (as súas preferencias, o seu desenvolvemento, a súa autonomía, a aceptación de límites...) para mellorar o coñecemento mutuo.
- Favorecer a sensación de seguridade na nova situación escolar.
- Xerar relacións vinculares entre nenas e nenos, as súas familias e o profesorado, baseadas na confianza e na profesionalidade.
- Descubrir o gozo de estar coas outras e cos outros nun ambiente estimulante.

Os obxectivos deste proceso conseguiranse promovendo:

- Que alumnado e familias expresen os seus propios sentimentos e expectativas cara á escola.
- Que cada nena e cada neno se sinta acollida e acollido grazas ao contacto físico e ao diálogo persoal.
- Que alumnado e familias coñezan o contexto escolar: os espazos escolares, organización, uso das zonas comúns...
- Que alumnado e familias coñezan o profesorado.
- Que alumnado e familias coñezan as compañeiras e os compañeiros de escola.
- Que o alumnado se recoñeza paulatinamente parte integrante do grupo.
- Que as familias se sintan parte da comunidade educativa.
- Que alumnado e familias participen no proxecto, nas actividades e das normas da escola.
- Que o alumnado se familiarice con materiais e actividades cotiás da escola infantil.
- Que alumnado e familias integren o ritmo escolar e os horarios nos seus hábitos de sono, alimentación, descanso, tempos de xogo...

COMENZO DO CURSO

Tendo en conta todo isto, planificaremos o período de adaptación do seguinte xeito:

- Entrevista xeral de etapa. Poucos días antes de que comece o curso convócase unha reunión de pais dos alumnos e alumnas que comecen no centro co obxectivo de:
 - Organizar a entrada escalonada.
 - Sinalar as normas de organización e funcionamento na Educación Infantil.
 - Planificar as entrevistas individuais.



Programación do período de adaptación 3 anos

"DOUS DIAS" (45 minutos divididos en tres grupos)

De 10 a 10:45	De 11:00 a 11:45	De 12:45 a 13:30

"DOUS DIAS" (1 hora divididos en dous grupos)

De 9:45a 10:45	De 11:45 a 12:45

"DOUS DÍAS" (1 hora e media divididos en dous grupos)

De 9:45 a 11:15	De 11:30 a 13:00

"UN DIA" (2 horas todos xuntos.)

De 9:45 a 11:45	TODOS

"UN DIA" (3 horas todos xuntos.)

(Con merenda)

De 9:45 a 12:45	TODOS

"UN DIA" (4 horas todos xuntos.)

(Con merenda)

De 9:45 a 13:45	TODOS

Rematado o Periodo Adaptación xa comezan co horario do centro, de 9:30 a 14:30 (Con merenda)



10. RECURSOS

Para a consecución das intencións educativas é necesaria unha adecuada organización do ambiente, incluíndo espazos, recursos e distribución do tempo

RECURSOS MATERIAIS.

Os **recursos materiais** serán seleccionados en base ás características, necesidades e intereses dos nenos/as así como a que estimulen o desenvolvemento de todas as súas capacidades. Os materiais seleccionados desencadearán no neno/a un proceso multidimensional. Ademais cumprirán certos requisitos como poden ser, entre outros: que sexan seguros e non tóxicos, de fácil manexo, adecuados e suficientes, atractivos e estimulantes, que proporcionen múltiples posibilidades de uso e experimentación, que provoquen a curiosidade, a exploración, a creatividade.

Na aula teremos materiais variados, tanto didácticos como curriculares (os materiais curriculares están regulados e autorizados segundo o D. 89/1993, do 19 de abril), ademais doutro tipo de equipamentos(cadeiras, mesas, armarios, lousas, ...). **Os materiais curriculares** adecuaranse aos tipos de contidos, ás características e necesidades específicas de cada contexto educativo e, consecuentemente, ás características individuais do alumnado. Estes materiais permitirán distintos graos de uso; para iso, serán o máis diversos posible, ofrecerán múltiples posibilidades de utilización en función das necesidades de cada situación e momento.

Cabe destacar dentro dos **recursos didácticos** o xogo e o conto de aí que nas nosas xornadas estará sempre presente o **xogo**, xa sexa guiado ou libre, porque é o mellor método de aprendizaxe. Mediante el, os nenos/as van adquirindo hábitos de conduta, interiorizando conceptos novos, seguen co seu desenvolvemento e, por riba de todo, están motivados. Polo tanto, utilizarase o xogo como recurso educativo, como contido e como principal recurso metodolóxico.

No que se refire ao **conto**, utilizarase como un medio para que os nenos/as acaden os obxectivos formulados, pero tamén para desenvolver e activar a súa creatividade, fantasía e imaxinación. Mediante o conto tamén se traballará a educación en valores, porque permitirá establecer diálogos e conversas entre os meus alumnos/as, fomentando a súa interacción. A parte, o conto será a ferramenta principal do inicio do neno/a no apaixonante mundo da literatura

Todos os materiais da aula estarán dispostos en lugares de fácil e libre acceso para que poidan acceder de forma autónoma a eles e ademais se responsabilicen do seu coidado e organización.

O centro proporcionaranos gran diversidade de recursos . A nivel material proporcionará o equipamento **material** das aulas (mesas, cadeiras, armarios..) así como recursos **espaciais** para levar a cabo as actividades que non se poderían desenvolver dentro das aulas, cabe destacar o **ximnasio**, xa que está moito máis adaptado para a práctica de actividades motrices, e dispón de materiais específicos .Os **patios**, sobre todo á hora do recreo, no cal se favorecerá o xogo libre no exterior con materiais destinados só a este medio. **A biblioteca do centro** , a aula de informática(ordenadores, P.D.I, impresoras...) E, se fora necesario, usaranse o resto de espazos que nos ofrece o centro



Contaremos cos elementos do medio **natural e sociocultural** que favorezan a relación coa identidade do alumnado e creen un ambiente significativo, ademais de espertar o interese por explorar e experimentar cos elementos que as nenas e os nenos teñen á súa disposición. (follas de árbores, flores, froitas,...), de tipo comercial (folios, pales, xoguetes,...). materiais de **refugallo** (cartóns, tubos, botes,...), **elaborados polos mestres/as, nenos/as** (murais, libros,...)....

Terase en conta o potencial educativo dos **elementos do contorno**(biblioteca, concello, areas recreativas, porto, praia, aula de cultura...) para sacar delas o maior partido educativo posible a través das saídas, exploracións... destes elementos.

RECURSOS HUMANOS

En canto aos **recursos humanos** destacaremos: Os mestres, o propio alumnado, as familias , o persoal non docente e os colaboradores .

En canto aos mestres: contaremos con **todo o profesorado do centro** pois todos forman parte da comunidade educativa na que estamos inmersos facendo fincapé naqueles mestres que incidan directamente nas nosas aulas como son : **titores/as, D.O, mestre A.L, P.T, Apoios, Relixión e Lingua estranxeira (inglés)**

Destacar o **traballo do mestre** como **guía** para o alumno/a, axudándoo a resolver posibles situacións conflitivas, ofrecéndolle recursos para mellorar no seu desenvolvemento, suxerindo actividades que os motiven, mostrando actitudes de afecto e seguridade cara a eles/as, para que se sintan queridos, aspectos fundamentais para o desenvolvemento da súa personalidade. Por estes motivos, faremos uso dunha **linguaxe próxima, agradable** e de marcado ton **afectivo**, cun vocabulario simple, rico e adaptado ao seu nivel de desenvolvemento, fomentando sempre actitudes de respecto e proximidade e motivándoos en todo momento para seguir co seu crecemento.

Dentro dos recursos humanos, Destacar o **traballo cooperativo** co profesorado do centro sendo indispensable para asegurar unha coherencia e unha continuidade na acción docente. Así, teremos un contacto continuo entre os/as compañeiros/as de ciclo para aproximar criterios, unificar metodoloxías, intercambiar ideas e opinións, evidentemente para mellorar e enriquecer a labor educativa. Destacar a **coordinación** co **equipo docente** de **E.P**, co fin de que o tránsito dunha etapa a sexa o menos traumático posible para o alumnado que remata a etapa de E.I .

O alumnado: Terase en conta que cando os nenos e nenas chegan á escola xa teñen un percorrido no seu coñecemento, e potenciarase a súa capacidade para descubrir e sentirse exploradores activos, pondo á súa disposición os medios que llo possibiliten, así como tamén o acceso a obxectos ou a novas fontes de coñecemento.

Propiciaranse experiencias nas que teñan cabida as relacións con nenas e con nenos doutras aulas e con persoas adultas o que permitirá descentrar positivamente a tarefa educativa da persoa docente e da aula.

En canto ás familias, é necesaria unha boa comunicación e coordinación con ela, xa que a eficacia da educación infantil depende, en gran medida, da unidade de criterios educativos en casa e na escola. Esta comunicación e relación estableceranse a través dunha vía formal e dunha vía informal A través da **vía formal** realizaremos unha enquisa individualizada para recadar información, faranse reunións grupais por trimestre ademais de ter unha hora adicada á titoría (Orde 22 de xullo de 1997). Así mesmo, os pais recibirán información sobre o progreso dos seus fillos unha vez por trimestre como indica a Orde 25 de Xuño de 2009



A través da **vía informal**, a relación cos pais e nais será por medio de visitas á aula para ver os traballos dos seus fillos/as, a través da colaboración á hora de levar diferentes materiais á aula ou a través da participación voluntaria en saídas ,festas organizadas e actividades (visitas de familiares para explicarnos o seu traballo, para falarnos de hábitos saudables...).

Persoal non docente: contaremos co persoal non docente do centro entre os que destacaremos: persoal administrativo,persoal subalterno, persoal de cociña e comedor , e colaboradores/as de comedor

Colaboradores : persoal que non pertence ao centro nin as familias pero que puntualmente poderemos levar a aula (policía, mecánico,)

RECURSOS ORGANIZATIVOS

Os tempos

Organizarase o tempo baixo orzamentos de flexibilidade, de forma que permitan ao profesorado adecualo ás características das tarefas. No desenvolvemento da xornada escolar combinaranse tempos de rutinas xa que son un recurso importante para traballar a secuenciación do tempo, pero tamén axudan aos nenos/as a desenvolver a autonomía e a ter confianza e seguridade en si mesmos, con tempos de actividades específicas segundo as características e necesidades dos nenos e nenas e tempos de descanso

Os espazos.

Na distribución do espazo preverase que as nenas e os nenos dispoñan de lugares propios e de uso común para compartir, para estar sós e para xogar e para relacionarse cos demais; espazos para actividades que requiran una certa concentración e espazos amplos que faciliten o movemento. O/A mestre/a preverá as distintas situacións xerando un ambiente físico de aprendizaxe grata, afectivamente significativo e esteticamente agradable que permita ao alumnado sentirse cómodo, seguro e acollido.



11. CONTIDOS DE EDUCACIÓN EN VALORES

Os contidos de Educación en Valores non están organizados nas diferentes áreas curriculares, xa que aparecen reflectidos de maneira global en todos e cada un dos elementos que compoñen o proceso de ensino- aprendizaxe. Daráselles un enfoque transversal, impregnando todo o quefacer diario. Para conseguir que os alumnos/as, sexan capaces de facelos operativos na súa conduta e preciso desenvolver unha serie de estratexias e ter moi claro que se aprenden sobre todo por imitación do comportamento do adulto. Por iso, ofreceremos os nenos/as modelos de identificación mostrando actitudes que favorezan a educación en valores.

Á hora de traballar estes contidos teremos en conta os seguintes principios:

- Valoraranse por igual tódolos logros dos alumnos/as.
- Evitaranse descalificacións xerais nos traballos dos nenos/as. Cando se indiquen erros ou deficiencias, aportaranse de seguido suxerencias sobre as posibilidades de superación das mesmas.
- Destacaranse e premiaranse condutas tolerantes e cooperativas.
- Aproximaranse as situacións conflitivas para dialogar ofrecendo e intentando buscar entre todos distintas formas para a resolución deses conflitos ou problemas.
- Daráselles oportunidade os alumnos/as para que participen no establecemento de normas de convivencia na comunidade educativa.
- Os mestres/as ofrecerán modelos identificativos que favorezan a transmisión de valores.

Tendo en conta estes principios traballaremos os seguintes temas:

1º EDUCACIÓN PARA A SAÚDE

- Fomentaremos a adquisición de hábitos saudables: alimentación sa, coidado e hixiene corporal, descanso, prevención de accidentes...

Para a educación da saúde hai que ter en conta o seguinte obxectivo: **Axudar ao neno/a a coñecer e tomar conciencia do seu corpo.** Participaremos nas actividades que nos oferte o centro de saúde de A Laracha.

2º EDUCACIÓN PARA A PAZ.

Educaremos nas normas de convivencia, fomentando o compañeirismo, a cooperación e a colaboración, desenvolvendo actitudes de axuda e respecto e rexeitando todo tipo de discriminación.

Teremos en conta o Plan de Convivencia do centro, co que se pretende que todos os membros da comunidade educativa, teñan claro cales son os seus dereitos e deberes. O obxectivo xeral do Plan de Convivencia é: **establecer mecanismos de prevención da violencia e favorecer a resolución pacífica de conflitos.**



Ademais de realizar actividades concretas nas distintas unidades didácticas e proxectos de traballo, celebraremos o día da Paz, organizando e realizando actividades a nivel centro.

3º EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE AMBOS SEXOS.

A sociedade asígnanos ,dende moi pequenos, roles diferentes dependendo do sexo. Aplicaremos estratexias que permitan corrixir as desigualdades entre sexos. Realizaremos actividades nas que tanto os nenos coma as nenas poidan escoller o que lles gusta sen estar condicionados polo sexo.

A educación sexual terá como obxectivo: **axudar ao neno/a a coñecer o seu corpo, tomar conciencia das diferenzas sexuais e respectalas valorando a súa sexualidade e respectando a dos demais.**

4º A EDUCACIÓN PARA O CONSUMIDOR.

Buscaremos que o noso alumnado adquira progresivamente unha actitude crítica e responsable cara o consumo, para acadar este obxectivo, empregaremos dúas liñas estratéxicas:

- A instrución directa cos nenos/as .
- A concienciación das familias.

As actividades que realizaremos desenvolveranse nas distintas unidades didácticas e proxectos de traballo. Por ex. despois do Nadal , traballando os xoguetes. Tamén pretendemos que os nenos/as, tendo en conta o estadio no que se atopan, segundo Piaget, vaian progresivamente adquirindo esa actitude crítica cos medios de comunicación.

5º EDUCACIÓN VIAL.

O obxectivo xeral da educación vial será: **prever accidentes,** polo que os mestres/a realizaremos actividades orientadas a que os nenos/as adquiran normas básicas de seguridade como usuarios das vías públicas, favorecendo deste xeito o desenvolvemento da autonomía. Utilizaremos o material que nos enviou a D.X.T. e participaremos nas actividades que nos propoña. Tamén estamos dispostos/as a colaborar e participar nas actividades que nos oferte o concello de A Laracha, sobre educación vial.

6º A EDUCACIÓN AMBIENTAL.

Pretendemos que os nenos/as aprendan a valorar a importancia que o medio natural ten para a vida das persoas. Para acadar este obxectivo trataremos de ter e desenvolver actitudes de respecto e coidado cara o medio ambiente, realizando diferentes actividades nas unidades didácticas e nos proxectos de traballo. Por ex. cando



traballemos o espazo. Tamén realizaremos actividades concretas, tanto a nivel ciclo, como a nivel centro. Por ex. saídas o entorno, plantar no invernadoiro, o día do Medio Ambiente plantar unhas árbores no patio do colexio...

Para abordar todos estes temas, traballaremos a educación en valores, transmitíndoos, sobre todo mediante as nosas actitudes. Como educadores, temos que ter moi claro, que unha educación sen valores, non é de calidade.



12. ÁREA DE INGLÉS

OBXECTIVOS XERAIS

1. Utilizar a lingua como instrumento de comunicación, de representación, aprendizaxe e gozo, de expresión de ideas e sentimentos, e valorar a lingua oral como un medio de relación cos demais e de regulación da convivencia.
2. Expresar emocións, sentimentos, desexos e ideas mediante a lingua oral e a través doutras linguaxes, elixindo o que mellor se axuste á intención e á situación.
3. Comprender as intencións e mensaxes doutros nenos e adultos, adoptando unha actitude positiva cara á lingua, tanto propia como estranxeira.
4. Comprender, reproducir e recrear algúns textos literarios mostrando actitudes de valoración, gozo e interese cara a eles.
5. Iniciarse nos usos sociais da lectura e a escritura, explorando o seu funcionamento e valorándoas como instrumento de comunicación, información e gozo.
6. Achegarse ao coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes e realizar actividades de representación e expresión artística mediante o emprego de diversas técnicas.
7. Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades dentro da aula, e mostrar interese e disfrute ao participar nestes intercambios comunicativos.

CONTIDOS

Bloque 1. Linguaxe verbal

Escoitar, falar e conversar:

- Utilización e valoración progresiva da lingua oral para evocar e relatar feitos, para explorar coñecementos para expresar e comunicar ideas e sentimentos e como axuda para regular a propia conduta e a dos demais.
- Uso progresivo, acorde coa idade, de léxico variado e con crecente precisión, estruturación apropiada de frases, ton axeitado e pronunciación clara.
- Participación e escoita activa en situacións habituais de comunicación. Acomodación progresiva dos seus enunciados aos formatos convencionais, así como achegamento á interpretación de mensaxes, textos e relatos orais producidos por medios audiovisuais.
- Utilización axeitada das normas que rexen o intercambio lingüístico, respectando a quenda de palabra, escoitando con atención e respecto.
- Interese por participar en interaccións orais en lingua estranxeira en rutinas e situacións habituais de comunicación.
- Comprensión da idea global de textos orais en lingua estranxeira, en situacións habituais da aula e cando se fala de temas coñecidos e predicibles. Actitude positiva cara á lingua estranxeira.
- Aproximación á lingua escrita: Achegamento á lingua escrita como medio de comunicación, información e gozo. Interese por explorar algúns dos seus elementos.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. Identificación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais. Percepción de



diferenzas e semellanzas entre elas. Iniciación ao coñecemento do código escrito a través desas palabras e frases.

- Uso, gradualmente autónomo, de diferentes soportes da lingua escrita como libros, revistas, xornais, carteis ou etiquetas. Utilización progresivamente axustada da información que proporcionan.
- Interese e atención na escoita de narracións, explicacións, instrucións ou descricións, lidas por outras persoas.
- Iniciación no uso da escritura para cumprir finalidades reais. Interese e disposición para o uso dalgunhas convencións do sistema da lingua escrita como linearidade, orientación e organización do espazo, e gusto por producir mensaxes con trazos cada vez máis precisos e lexibles.
- Achegamento á literatura: Escoita e comprensión de contos, relatos, lendas, poesías, rimas ou adiviñas, tanto tradicionais como contemporáneas, como fonte de pracer e de aprendizaxe.
- Recitado dalgúns textos de carácter poético, de tradición cultural ou de autor, gozando das sensacións que o ritmo, a rima, e a beleza das palabras producen.
- Participación creativa en xogos lingüísticos para divertirse e para aprender.
- Dramatización de textos literarios e gozo e interese por expresarse con axuda de recursos extralingüísticos.
- Interese por compartir interpretacións, sensacións e emocións provocadas polas producións literarias.
- Utilización da biblioteca con respecto e coidado, valoración da biblioteca como recurso informativo de entretemento e disfrute.

Bloque 2. Linguaxe audiovisual e tecnoloxías da información e a comunicación.

- Iniciación no uso de instrumentos tecnolóxicos como ordenador, cámara ou reprodutores de son e imaxe, como elementos de comunicación.
- Achegamento a producións audiovisuais como películas, debuxos animados ou videoxogos. Valoración crítica dos seus contidos e da súa estética.
- Distinción progresiva entre a realidade e a representación audiovisual.
- Toma progresiva de conciencia da necesidade dun uso moderado dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e a comunicación.

Bloque 3. Linguaxe artística

- Experimentación e descubrimento dalgúns elementos que configuran a linguaxe plástica (liña, forma, cor, textura, espazo).
- Expresión e comunicación de feitos, sentimentos e emocións, vivencias, ou fantasías a través do debuxo e de producións plásticas realizadas con distintos materiais e técnicas.
- Interpretación e valoración, progresivamente axustada, de diferentes tipos de obras plásticas presentes no ámbito.
- Exploración das posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, de obxectos cotiáns e de instrumentos musicais. Utilización dos sons achados para a interpretación e a creación musical.
- Recoñecemento de sons do ámbito natural e social, e discriminación dos seus trazos distintivos e dalgúns contrastes básicos (longo-curto, forte-suave, agudo-grave)



- Audición atenta de obras musicais presentes no ámbito. Participación activa e gozo na interpretación de cancións, xogos musicais e danzas.

Bloque 4. Linguaxe corporal

- Descubrimento e experimentación de xestos e movementos como recursos corporais para a expresión e a comunicación.
- Utilización, con intención comunicativa e expresiva, das posibilidades motoras do propio corpo con relación ao espazo e ao tempo.
- Representación espontánea de personaxes, feitos e situacións en xogos simbólicos, individuais e compartidos.
- Participación en actividades de dramatización, danzas, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal.

SITUACIÓNS DE COMUNICACIÓN PROPIAS DAS RUTINAS DA AULA.

Presentacións,saúdos e despedidas.

<i>Competencia Funcional</i>	<i>Competencias Lingüísticas</i>	
	<i>Realizacións Lingüísticas</i>	<i>Competencia Léxica</i>
-Presentarse -Saudar e despedirse en situacións cotiás. -Nomear o responsable e pasar lista	-What´s your name? -I´m.../ My name is.. -Hello!/ Hi! -Good bye!/ Bye! -Good Morning! Good Afternoon! -How are you today? -I´m fine,thank you -Who´s the helper, today? - let´s check the register!	-Saúdos e despedidas máis habituais.



Tempo atmosférico e data

Competencia Funcional	Competencias Lingüísticas	
	Realizacións Lingüísticas	Competencia Léxica
<p>-Dar e pedir información sobre os días da semana.</p> <p>-Falar do tempo atmosférico de maneira sinxela</p>	<p>-What day is it today?</p> <p>-What´s the weather like, today?</p> <p>-It`s...</p>	<p>-Días da semana.</p> <p>-Adxectivos para nomear o clima: sunny, cloudy,..</p>

Estados de ánimo

Competencia Funcional	Competencias Lingüísticas	
	Realizacións Lingüísticas	Competencia Léxica
<p>-Expresar algúns estados de ánimo.</p>	<p>-How are you today?</p> <p>-Fine, thank you and you?</p> <p>-Are you happy?</p> <p>-yes/no</p>	<p>-Adxectivos que expresen estados de ánimo.</p>

Números

Competencia Funcional	Competencias Lingüísticas	
	Realizacións Lingüísticas	Competencia Léxica
<p>-Utilizar unha serie numérica para contar elementos e obxectos da realidade-</p>	<p>-Let´s count...</p> <p>-How many boys/girls..</p>	<p>-Números(1...10)</p>



Formulas de cortesía e peticións de permiso

Competencia Funcional	Competencias Lingüísticas	
	Realizacións Lingüísticas	Competencia Léxica
-Utilizar fórmulas sinxelas de cortesía. -Pedir permiso para realizar as actividades.	-Thank you -You´re welcome -Here you are -Please -Can I...?	-Fórmulas de cortesía habituais. -Actividades da aula Can I ...?

Aniversarios

Competencia Funcional	Competencias Lingüísticas	
	Realizacións Lingüísticas	Competencia Léxica
-Felicitación os aniversarios.	-Happy birthday. -How old are you? -I´m...	-Números do 1 ao 10.

Instruccións

Competencia Funcional	Competencias Lingüísticas	
	Realizacións Lingüísticas	Competencia Léxica
-Comprender e executar ordes sinxelas.	-Sit down -Stand up. -Look at,listen -Make a circle. -Write your name. -Draw. -Colour. -Tidy up. -Point to	-Instruccións habituais na aula.



	-Show me -Put your hands up/down -Ready,steady,go. -Open/close -Come here/stop.	
--	---	--

Cores

Competencia Funcional	Competencias Lingüísticas	
	Realizacións Lingüísticas	Competencia Léxica
-Identificar as cores -Describir obxectos atendendo ás cores.	-Point to /touch -What colour is it? -It´s...	-Cores.

Corpo

Competencia Funcional	Competencias Lingüísticas	
	Realizacións Lingüísticas	Competencia Léxica
-Identificar as principais partes do corpo. -Responder a sinxelas instrucións utilizando o seu corpo. -Executar sinxelas instrucións referidas á hixiene corporal.	-Touch your... -Clap your hands. -Stamp your feet. -Open/close your eyes. -Are you...? -I´m a boy/girl -Wash your... -Clean your... -Blow your nose.	-Partes do corpo. -Accións: clap, touch,run ,jump,shake open, close... -Sexo: boy/girl.



Escola

Competencia Funcional	Competencias Lingüísticas	
	Realizacións Lingüísticas	Competencia Léxica
-Identificar algúns obxectos da aula e dependencias da escola	-What's this? -It's a pencil/book.. -This is the toilet/ classroom.	-Vocabulario relativo á escola:teacher,pencil,classroom...

Xoguetes

Competencia Funcional	Competencias Lingüísticas	
	Realizacións Lingüísticas	Competencia Léxica
-Identificar os xoguetes máis comúns. -Expresar de forma sinxela algunhas características dos xoguetes.	-What's this? -It's a... -Have you got a...? -yes/no -It's pretty /ugly -It's big/ small -What colour is...? -It's..	-Os xoguetes máis usados polos nenos/as: doll, bike, ball, action man... -Adxetivos para describir as súas características: big,small,red...

METODOLOXÍA

Linguaxe receptiva fronte a produtiva

Cando se presenta unha lingua nova a nenos moi novos, é moi importante non os premer nin os apresurar. Como sucede coa aprendizaxe da L1, deben experimentar a nova linguaxe de modo receptivo antes de pedirlles que produzan palabras ou frases. A etapa de produción da linguaxe varía dun neno a outro, como tamén a cantidade de palabras que poidan producir. Na clase preséntaselles o inglés en forma de contos, cancións e chants e teñen moitas oportunidades de produción, por exemplo, participando nas cancións e chants cando se sintan preparados. Aos nenos/as de 4 anos e 5 anos ánimoaselles máis a miúdo a producir linguaxe, por exemplo dicindo o



vocabulario activo, pero aínda así, só teñen que repetir as palabras cando se sintan preparados.

O inglés na aula

Tratarase de expoñer aos nenos a todo o inglés que sexa posible na aula. O material que se utilice proporcionará moito apoio visual: o significado das cancións e os contos ilústrase a través de pistas visuais e contextuais; o obxectivo e os requisitos dos xogos son sinxelos dabondo como para velos a medida que se xoga.

Aprendizaxe cenestésico

Como os nenos desta idade son esencialmente cenestésicos e aprenden a través do tacto e o movemento, na aula utilizaranse moitas actividades de TPR, rimas de accións e mímica. Os nenos terán que escoitar e seguir as instrucións físicas. En cada lección hai etapas moi definidas. Os nenos traballan xuntos ou nos seus pupitres, o que proporciona variedade e interese.

Rutinas

Se fai fincapé nas rutinas para axudar á organización e o axeitado funcionamento da clase. Os nenos desta idade traballan mellor dentro dunhas pautas fixas, polo que é importante establecer claras rutinas e indicadores. Nas leccións e unidades desenvólvese un modelo de actividades que os fará sentir máis seguros. Ademais, cada etapa da lección márcase cunha canción ou un chant. Hai cancións Hello e Bye-bye que sinalan o principio e o final das clases.

Aprendizaxe baseada en contos

O curso basearase en contos; teremos un por unidade. Proporcionando unha base sólida para aprender e permitir que os alumnos se divirtan coa linguaxe. Incorporando linguaxe, comunicación e repetición nun contexto significativo.

Aprendizaxe baseada en cancións

As cancións e a música constitúen unha excelente forma de aprender inglés porque son doados de recordar. Se incluírán unha grande variedade de cancións que repasan a linguaxe activa principal de cada unidade. Ademais, todas as cancións van acompañadas de mímica e xestos para facilitarlles a comprensión e darlles a oportunidade de moverse.

Ensinar nenos novos

- Ser flexible é moi importante cando se traballa con nenos novos. Hai que escoitar, observar e responder en todo momento:
- Se os nenos non reaccionan ben a unha actividade, déixaa e volve a ela máis tarde (ou non a fagas).



- Hai que ter en conta o nivel de enerxía dos nenos segundo o momento do día ou da semana e estruturar as clases de modo acorde.
- Hai que animar aos nenos/as a representar as accións cando canten. Aínda que ao principio non entendan as palabras, poden aprender a mímica con rapidez.
- Se non dá tempo a facer todas as actividades, elixir aquelas ante as que creas que van reaccionar mellor.
- Reciclar o material as veces que se poida. Non dubidar en usar outra vez cancións ou actividades que lles gustaran especialmente.
- Ter sempre a man unha actividade extra que poidas usar se outra actividade non funciona en clase.
- Experimentar cos materiais; por exemplo, pódense utilizar recursos como as flashcards e as story cards de moitas maneiras, como adaptando outras actividades para que funcionen con elas.
- Comunicarte co titor da clase e, cando che sexa posible, relacionar os temas que aprenden na clase principal coa clase de inglés.
- Facer que se sintan valorados: a súa opinión conta, hai que escoitalos.
- Facer que se sintan máis seguros. Non os premer para que falen sen estar listos. Eloxialos pola súa comprensión receptiva.
- Anímalos a que gocen das cancións, dos contos e dos personaxes, e sacarlle partido ao seu gozo.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva cos seus iguais e coas persoas adultas, segundo as intencións comunicativas, e comprender mensaxes orais diversas, mostrando unha actitude de escoita atenta e respectuosa. Mediante este criterio avalíase o desenvolvemento da capacidade para expresarse e comunicarse oralmente, para levar a cabo diversas intencións comunicativas (pedir axuda, informar dalgún feito, dar sinxelas instrucións, participar en conversacións en grupo). Valorarase o interese e o gusto pola utilización pertinente e creativa da expresión oral para regular a propia conduta, para relatar vivencias, razoar, resolver situacións conflitivas, comunicar os seus estados anímicos e compartilos cos demais. Igualmente este criterio refírese á capacidade para escoitar e comprender mensaxes, relatos, producións literarias, descricións, explicacións, informacións que lles permitan participar na vida da aula. O respecto aos demais hase de manifestar no interese e a atención cara ao que din e no uso das convencións sociais (gardar a quenda de palabra, escoitar, mirar ao interlocutor, manter o tema), así como na aceptación das diferenzas.



Mostrar interese polos textos escritos presentes na aula e no ámbito, iniciándose no seu uso, na comprensión das súas finalidades e no coñecemento dalgunhas características do código escrito. Interesarse e participar nas situacións de lectura e escritura que se producen na aula. Con este criterio avalíase se os nenos se interesan pola lingua escrita, e se inician na utilización funcional da lectura e a escritura como medios de comunicación, de información e de gozo. Tal interese mostrarase na atención e curiosidade polos actos de lectura e de escritura que se realizan na aula. Observarase o uso axeitado do material escrito (libros, xornais, cartas, etiquetas, publicidade, ...). Valorarase o interese por explorar os mecanismos básicos do código escrito, así como o coñecemento dalgunhas características e convencións da lingua escrita, coñecementos que se consolidarán na Educación Primaria.

Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais, mostrando interese por explorar as súas posibilidades, por gozar coas súas producións e por compartir cos demais as experiencias estéticas e comunicativas. Con este criterio avalíase o desenvolvemento das habilidades expresivas por medio de diferentes materiais e técnicas propios das linguaxes musical, audiovisual, plástica e corporal. Observarase o gusto por experimentar e explorar as posibilidades expresivas do xesto, os movementos, a voz e, tamén a cor, a textura ou os sons. Valorarase o desenvolvemento da sensibilidade estética e de actitudes positivas cara ás producións artísticas en distintos medios, xunto co interese por compartir as experiencias estéticas.



13. ÁREA DE RELIXIÓN

Obxectivos xerais de etapa

Unidade 1: Regálame a natureza (A Natureza como obra de Deus)

- Recoñecer e valorar a Creación como agasallo de Deus
- Amosar interese por conservar con ledicia o agasallo da Creación
- Expresar sentimentos e emocións relacionados con motivos do que lles rodea.

Unidade 2: Gústame o meu corpo (O corpo como obra de Deus)

- Descubrir o corpo humano como obra e creación de Deus
- Recoñecer as partes do corpo como don de Deus
- Nomear hábitos de hixiene para o seu coidado
- Expresarse a través da linguaxe corporal e experimentar sons corporais.

Unidade 3: Alégame o teu nacemento (O Nacemento de Xesús)

- Coñecer o relato do nacemento de Xesús e a adoración dos pastores e dos Reis
- Valorar e amosar interese por coñecer a mensaxe do Nadal
- Compartir cos compañeiros experiencias persoais relacionadas ca festa do Nadal
- Amosar sentido creativo na elaboración dos traballos manuais.

Unidade 4: Xesús o noso amigo

- Valorar e admirar a amizade como un agasallo
- Descubrir a Xesús como amigo. Recoñecer o relato bíblico de Xesús cos nenos
- Amosarse sincero e acolledor cos compañeiros
- Expresar os valores cristiáns en xestos: axudar, perdoar, respectar ...

Unidade 5: Ensínasme a querer (Xesús ama ás persoas)

- Descubrir que Xesús ensina a amar sen excepción
- Amasarlle amor e afecto ós demais
- Participar con ledicia e responsabilidade en traballos de grupo
- Valorar o propio esforzo por mellorar como persoa.

Unidade 6 : Vou á túa festa (A Festa de Pascua)

- Sentir próximas a persoas queridas que están lonxe fisicamente
- Respectar e valorar as Festas cristiáns da Semana Santa



- Descubrir a mensaxe da Resurrección de Xesús e intentar vivilo
- Traballar en equipo respectando os principios da democracia.

Unidade 7 : Os amigos de Xesús

- Descubrir que oos cristiáns forman a gran familia da Igrexa
- Identificar a cruz como símbolo da relixión cristiá
- Recoñecer o Bautismo como celebración dentro da comunidade da Igrexa
- Utilizar a capacidade de autonomía na elección de traballos

Unidade 8 : Un día de festa (O Domingo)

- Coñecer e valorar a festa cristiá do Domingo
- Amosar interese por coñecer e respectar outras festas
- Colaborar con ilusión e responsabilidade na confección dun mural
- Desenvolver hábitos de imaxinación.

Unidade 9 : ¡Hola, son Xesús! (Medios de comunicación con Xesús)

- Inventar e realizar actividades de comunicación: xestual, musical, TICS, etc.
- Identificar distintos medios de comunicación cós demais e con Xesús
- Enviar mensaxes a distintos compañeiros
- Recoller información sobre algún aspecto relacionado cunha ONG en internet.



Aprobado polo Consello Escolar deste centro en sesión Ordinaria o día 30 de xuño de 2010



Asnd. Luz Sandra Casar Domínguez

Directora do CEIP Ramón Otero Pedrayo

DATA REVISION DO DOCUMENTO	
12 DE ABRIL DE 2016	
DECEMBRO 2017	